

**INDICE**

<b>INDICE</b>	<b>1</b>
<b>TÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS</b>	<b>3</b>
Artigo 1º.- Obxecto	3
Artigo 2º.- Ámbito de aplicación	3
Artigo 3º.- Competencia	3
Artigo 4º.- Obrigatoriedade de cumprimento	3
Artigo 5º.- Axuste ós límites	3
Artigo 6º.- Aplicación	3
Artigo 7º.- Efecto retroactivo	3
Artigo 8º.- Períodos	3
<b>TÍTULO II - NIVEIS ADMISIBLES DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS</b>	<b>3</b>
Artigo 9º.- Relacións legais	3
Artigo 10º.- Valores de recepción	4
Artigo 11º.-	4
Artigo 12º.-	4
Artigo 13º.-	4
<b>TÍTULO III - CONDICIÓNS ESIXIBLES Á EDIFICACIÓN, CONSTRUCCIÓN E ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS</b>	<b>5</b>
<b>REGULACIÓN DO RUÍDO NA EDIFICACIÓN</b>	<b>5</b>
Artigo 14º.-	5
Artigo 15º.-	5
Artigo 16º.-	5
Artigo 17º.-	6
Artigo 18º.- Estudio acústico de proxectos de obras e instalacións	6
Artigo 19º.- Estudos de impacto ambiental (E.I.A.)	7
Artigo 20º.- Certificado final de obras	8
Artigo 21º.- Mantemento e conservación	8
<b>TÍTULO IV - NORMAS PARA A CONCESIÓN DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES RECREATIVAS</b>	<b>8</b>
Artigo 22º.- Descrición das actividades	8
Artigo 23º.- Clasificación das actividades por un grao de molestia	9
Artigo 24º.-	10
Artigo 25º.- Condicións mínimas que deben reuni-los locais.	10
Artigo 26º.- Relación do local coa vía pública	10
Artigo 27º.- Horario de peche e as súas limitacións	11
Artigo 28º.- Instalación de dispositivos de control: sonógrafos e limitadores de son	11
Artigo 29º.-	11
Artigo 30º.- Tratamento acústico dos locais	11
Artigo 31º.- Documentación para novas instalacións.	12
Artigo 32º.- Documentación específica	14
Artigo 33º.- Cambios de titularidade das licencias de instalación	14
<b>TÍTULO V</b>	<b>14</b>
Artigo 34º.- Deberes xenéricos	14
Artigo 35º.- Deberes específicos	15
Artigo 36º.- Establecemento onde se exerce unha actividade sen licenza	15
Artigo 37º.- Establecemento que non se axusta á actividade para a que conta con licenza	16
Artigo 38º.- Reincidencia e circunstancias agravantes	17
Artigo 39º.- Precinto ou retirada de aparellos ou instalacións	17
Artigo 40º.- Precinto de locais	17
<b>TÍTULO VI - REGULACIÓN DE RUÍDO DE TRÁFICO</b>	<b>18</b>

Artigo 41º.-	18
Artigo 42º.-	18
Artigo 43º.-	18
Artigo 44º.-	19
Artigo 45º.-	19
<b>TÍTULO VII - ACTIVIDADES VARIAS</b>	<b>19</b>
Artigo 46º.-	19
Artigo 47º.-	19
Artigo 48º.-	19
<b>TÍTULO VIII - RÉGIME XURÍDICO E SANCIONADOR</b>	<b>20</b>
Artigo 49º.- Réxime de inspección	20
Artigo 50º.- Denuncias	21
Artigo 51º.-	21
Artigo 52º.-	21
Artigo 53º.- Clasificación de infraccións	21
Artigo 54º.- Sancións para as faltas descritas no artigo anterior	24
Artigo 55º.- Indemnización de danos	25
Artigo 56º.- Prescripción	25
Artigo 57º.- Persoas responsables	25
Artigo 58º.- Procedemento	25
Artigo 59º.- Graduación das sancións	25
Artigo 60º.- Medidas cautelares compatibles co exercicio da potestade sancionadora	26
Artigo 61º.- Caducidade e revocación da licenza	26
<b>DISPOSICIÓN ADICIONÁIS</b>	<b>27</b>
PRIMEIRA.- Outras competencias	27
SEGUNDA.- Modificacións	27
TERCEIRA.- Medicións	27
CUARTA.-	27
QUINTA.-	27
<b>DISPOSICIÓN TRANSITORIAS</b>	<b>27</b>
PRIMEIRA.	27
SEGUNDA.	28
TERCEIRA.	28
CUARTA.	28
<b>DISPOSICIÓN FINÁIS</b>	<b>28</b>

## **TÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1º.- Obxecto**

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación das competencias locais contempladas na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, publicada no D.O.G. do 20 de agosto de 1997, e no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado por Decreto 150/1999, publicada no D.O.G. do 27 de maio de 1999 que regulan estes temas no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, dentro do marco legal administrativo que regula a potestade normativa das Corporacións Locais, e está dirixida a protexe-lo medio ambiente contra as perturbacións por ruídos, vibracións e actividades molestas e establece-las condicións requiridas para a obtención de licenza de apertura ou funcionamento dos locais.

### **Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

Quedan sometidas tódalas instalacións industriais, recreativas, musicais e servizos en xeral, tódalas actividades que produzan ruídos ou vibracións que ocasionen molestias e/ou perigosidade á vecindade ou que modifiquen o estado natural do medio ambiente circundante.

### **Artigo 3º.- Competencia**

Corresponderá á Alcaldía ou a Concellería en que se delegue esixir de oficio ou a solicitude de parte interesada adopta-las limitacións, ordea-las inspeccións que sexan precisas, establecer instrumentos permanentes de control de ruídos nas actividades suxeitas a esta Ordenanza e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado.

### **Artigo 4º.- Obrigatoriedade de cumprimento**

As presentes normas son de obrigado cumprimento, sen necesidade dun previo acto ou requirimento. Serán orixinariamente esixibles a toda clase de instalacións a través dos correspondentes sistemas de licenza ou autorización municipais.

### **Artigo 5º.- Axuste ós límites**

Tanto a produción como a transmisión de ruídos e vibracións, orixinados en actividades e instalacións contempladas nesta Ordenanza, deberán axustarse ós límites establecidos nela.

### **Artigo 6º.- Aplicación**

Co fin de facer efectivos os criterios expresados no artigo 1º, nos traballos de planeamento urbano e de organización de todo tipo de actividades e servizos deberá terse en conta a presente Ordenanza.

### **Artigo 7º.- Efecto retroactivo**

As actividades e instalacións autorizadas con anterioridade á entrada en vigor da Ordenanza, axustaranse as normas establecidas nela, segundo o prescrito nas disposicións transitorias.

### **Artigo 8º.- Períodos**

Para os efectos desta Ordenanza, considerarase dividido o día en dous períodos, denominados diúrno e nocturno. O primeiro deles ocupa o espazo de tempo comprendido ente as 22 e as 8 horas e o segundo o comprometido entre as 22 e as 8 horas. Os ruídos e vibracións consideraranse diúrnas ou nocturnas segundo se produzan nun ou noutro período.

## **TÍTULO II - NIVEIS ADMISIBLES DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS**

### **Artigo 9º.- Relacións legais**

No que se refire a definición, unidades, clasificación do ruído, técnicas de medición, niveis de ruído e vibracións admisibles (avaliación e recepción) e equipos para a medición do ruído, estarase ó disposto no Anexo da Lei de protección contra a contaminación acústica e no Anexo do Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

**Artigo 10º.- Valores de recepción**

1. Son os niveis máximos recomendados no ambiente exterior ou no interior e fíxanse en función do período horario e da zona de sensibilidade acústica.
2. Entendese por zona de sensibilidade acústica aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.

Destínguese as seguintes:

- a) **Zona de alta sensibilidade:** Abrangue tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.
  - b) **Zona de moderada sensibilidade:** Abrangue tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hoteis ou zonas de especial protección como os centros históricos.
  - c) **Zona de baixa sensibilidade:** Abrangue tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.
  - d) **Zona de servidume:** Abrangue tódolos sectores do territorio afectados por servidumes sonoras en favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias e outros equipos públicos que os reclamen.
3. Os valores de recepción do ruído no ambiente exterior son os seguintes (como LpAeq):

ZONA DE SENSIBILIDADE ACÚSTICA	DÍA	NOITE
Alta sensibilidade	60	50
Moderada sensibilidade	65	55
Baixa sensibilidade	70	60
Zona de servidume	75	65

4. Os valores de recepción do ruído no ambiente interior son os seguintes (como LpAeq):

ZONA DE SENSIBILIDADE ACÚSTICA	DÍA	NOITE
Alta sensibilidade	30	25
Moderada sensibilidade	35	30
Baixa sensibilidade	40	35
Zona de servidume	45	35

**Artigo 11º.-**

Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, recreativa ou doutra natureza, ou ben por tradicional consenso de poboación, o concello poderá adopta-las medidas necesarias para modificar con carácter de temporalidade os niveis ós que alude o punto anterior en determinadas zonas do espazo urbano.

**Artigo 12º.-**

Naquelo previsto nos artigos anteriores, en ningún edificio que, ademais de outros usos, teña o de vivenda, poderase xerar ruído que sobrepase os 90 dBA.

**Artigo 13º.-**

Ningún aparello mecánico poderá transmitir os elementos sólidos que compoñen a copartimentación do recinto receptor, niveis de vibracións superiores ós sinalados no anexo A da Norma ISO-2631 e recollidos tamén no Anexo da Ley de protección contra a contaminación acústica 7/1997 do 11 de agosto, e que son os seguintes:

Estándares limitadores para a transmisión de vibracións:

USO RECINTO AFECTADO	PERÍODO	CURVA BASE
Sanitario	Diúrno	1
	Nocturno	1
Residencial	Diúrno	2
	Nocturno	1,4
Oficinas	Diúrno	4
	Nocturno	4
Almacén e Comercial	Diúrno	8
	Nocturno	8

### TÍTULO III - CONDICIÓN ESIXIBLES Á EDIFICACIÓN, CONSTRUCCIÓN E ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS

#### REGULACIÓN DO RUÍDO NA EDIFICACIÓN

##### Artigo 14º.-

1. As condicións acústicas esixibles ós elementos construtivos que compoñen a edificación serán as determinadas no capítulo III da Norma Básica de edificación sobre condicións acústicas (NBE-CA-88 ou normas que a substitúan).
2. Exceptúanse do apartado anterior os forxados constitutivos do primeiro andar da edificación cando dita planta sexa de uso residencial e no baixo poidan localizarse, de acordo co plantexamento municipal, usos susceptibles de producir molestias por ruídos ou vibracións. Nestes casos o illamento acústico do ruído aéreo esixible será 55 dB, xustificándose as características do forxado no proxecto construtivo.

##### Artigo 15º.-

Os aparellos elevadores, as instalacións de ventilación e acondicionamento do aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e avaliación de augas, a transmisión de enerxía eléctrica e demais servizos dos edificios serán instalados coa precaución de ubicación e illamento que garanten un nivel de transmisión sonora nos locais e ambientes próximos, que cumpran os niveis fixados nesta Ordenanza.

##### Artigo 16º.-

1. Co fin de evitar no posible a transmisión de ruído a través da estrutura da edificación deberán terse en conta as normas establecidas nos seguintes apartados.
2. Todo elemento con órganos móbiles manteranse en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire á suavidade dos seus rodamentos.

3. Non se permitirá a ancoraxe directa de máquinas e soportes das mesmas nas paredes medianeiras, teitos e forxados de separación de recintos, senón que se realizará interpoñendo os axeitados dispositivos antivibratorios.
4. As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas con órganos con movemento alternativo deberán estar ancoradas de forma independente, sobre o chan e illadas da estrutura da edificación por medio de axeitados antivibradores.
5. As canles polas que circulen fluídos líquidos ou gaseosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións serradas en tales máquinas. As bridas e soportes dos condutos terán elementos antivibratorios. As aperturas dos muros para o paso das conducións dotaranse de materiais antivibratorios.
6. Nos circuitos de auga evitarase a produción de “golpes de ariete”, e as seccións e disposicións das válvulas deberán ser as apropiadas para que o fluído circule por elas en réxime laminar.

#### Artigo 17º.-

Os titulares dos locais e actividades están obrigados a adoptar as medidas de insonorización das súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en cada caso as prescricións establecidas, dispoñendo se comprende sistemas de ventilación forzada de forma que poidan pechase os ocos e fiestras existentes ou proxectados.

#### Artigo 18º.- Estudio acústico de proxectos de obras e instalacións

1. Xunto coa solicitude de licenza de apertura, presentárase un proxecto que incluíra un estudio acústico que xustifique as medidas correctas previstas para que a emisión e a transmisión de ruídos xerados polas distintas fontes sonoras cumpran as prescricións desta Ordenanza.
2. O estudio acústico comprenderá unha memoria técnica, o orzamento e os planos:

A **memoria** comprenderá:

- A definición do tipo de actividade
- O horario previsto
- Os niveis sonoros de emisión.

A. En caso de **ruído aéreo**:

1. Identificación das fontes sonoras máis destacables da actividade e valoración do nivel acústico das mesmas (NEI).
2. Localización e descrición das características da zona máis probable de recepción do ruído orixinado na actividade, sinalando expresamente os límites legalmente admisibles en dita zona (NR).
3. Valoración, en función dos datos anteriores, da necesidade de illamento acústico fronte ó ruído aéreo.
4. Deseño da instalación acústica proposta, con descrición dos materiais utilizados e dos detalles construtivos da súa montaxe.
5. Xustificación analítica da validez da instalación proposta.

B. No **ruído estrutural por vibracións**:

1. Identificación da máquina ou instalación conflictiva, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia).
2. Descrición do antivibrador seleccionado e cálculo analítico, onde se aprecie a porcentaxe de eliminación da vibración obtida coa súa montaxe.
3. Detalle gráfico onde se aprecien as características da súa montaxe.

**C. No ruído estrutural por impactos:**

1. Descrición da natureza e características físicas do impacto.
2. Valoración da posible transmisión dos recintos lindantes.
3. Descrición da solución técnica deseñada para elimina-la transmisión estrutural de ditos impactos.
4. Detalle gráfico onde se aprecian as características da solución adoptada.
5. Descrición dos illamentos acústicos e silenciadores proxectados, con expresión do seu illamento acústico bruto en dBA ou tipo de amortecedores de vibracións previstos, indicando deflexión estática en milímetros ou frecuencia propia en Hz.
6. Xustificación de que se cumpren os niveis de recepción establecidos na lei, en función dos niveis de emisión considerados e das atenuacións conseguidas.
7. Medidas correctas previstas para o illamento de ruídos de impacto, cando o illamento xeral prevese insuficiente para este tipo de ruídos.

Os **planos do proxecto** serán como mínimo os seguintes:

- Plano de situación da actividade, en relación con vivendas, instalacións sanitarias e edificios docentes.
- Planos de illamento acústico 1/50, con detalles 1/5 dos materiais, espesores e xuntas.

Ó calcula-lo illamento acústico preciso supoñerase que as transmisións indirectas incrementan os niveis de recepción sonora, como mínimo en 3 dBA, salvo que a solución técnica proposta garanta suficientemente a inexistencia das mencionadas transmisións.

Cando cómpre desenvolve-la actividade coas portas e fiestras pechadas, para garantir un illamento acústico axeitado, terase en conta, no momento do cálculo e da medición, o sistema de ventilación forzada.

Nos proxectos consideraranse as posibles molestias por ruído que poden ocasionarse nas inmediacións da actividade por efectos indirectos, co obxecto de poñe-las medidas correctoras axeitadas para evitalas ou diminuílas e, en particular, débese prestar especial atención ós seguintes casos:

- Actividades que xeren tráfico elevado de vehículos nos seus arredores, como almacéns, locais públicos, especialmente discotecas, previstas en zonas de elevada densidade de poboación e con rúas estreitas, de difícil manobra e con escasos espazos de aparcadoiro.
- Actividades que requiran operacións de carga e descarga o funcionamento das súas instalacións durante o período nocturno.

**Artigo 19º.- Estudos de impacto ambiental (E.I.A.)**

Enténdese por impacto ambiental a alteración sobre o medio ambiente, a saúde e o benestar da poboación provocada pola execución dun proxecto respecto a situación existente de non executarse o citado proxecto.

O concepto da E.I.A. refírese ós estudos que se efectúan con obxecto de identificar, predicir e sobre todo previ-las consecuencias e os efectos ambientais orixinados pola implantación dunha nova actividade nunha zona urbana catalogada como protexida.

Resumindo, trátase de analiza-las variables ambientais, establece-las súas relacións, interpreta-los resultados e valora-las consecuencias.

Para elabora-lo E.I.A. en relación co ruído, procédese, en primeiro lugar, a recopilar toda a información referente ó proxecto, describi-las accións susceptibles de producir ruídos e os efectos que poden provocar no medio ambiente. Nunha segunda fase, identifícanse e valóranse os impactos que se propoñen as medidas correctoras axeitadas.

#### **Artigo 20º.- Certificado final de obras**

Con independencia do establecido no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres e Perigosas e na Orde do 13 de maio do 1991 pola que se regulan os trámites de visitas de comprobación e verificación do funcionamento de actividades clasificadas (D.O.G. do 5 de xuño do 1991), o certificado final de obra, suscrito polo técnico - director, farán referencia ó cumprimento dos requisitos acústicos esixidos.

#### **Artigo 21º.- Mantemento e conservación**

O titular da licenza ou instalación estará obrigado a mante-las condicións que garanten o illamento acústico nos niveis establecidos nesta Ordenanza.

## **TÍTULO IV - NORMAS PARA A CONCESIÓN DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES RECREATIVAS**

### **A) DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 22º.- Descrición das actividades**

No desenvolvemento e aclaración de tódalas actividades contempladas no Anexo ó Regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas (B.O.E. 6 de novembro do 1982) e sen prexuízo da súa aplicación a calquera outra do mesmo carácter, independentemente do nome comercial que poida figurar, recóllese a seguinte relación de establecementos públicos:

#### **Bar**

Establecemento público destinado á expedición de bebidas e comidas rápidas, que acostuman a tomarse de pé no mostrador ou informalmente nas mesas.

#### **Boleira**

Establecemento onde se practica o xogo de actividade denominado “bolos”, que consiste en lanzar sobre nove paus labrados de forma alongada (bolos) cunha bola especial. Pode estar combinado coa actividade de cafetería.

#### **Café**

Establecemento público destinado a expedir café ou outras bebidas.

#### **Café-Bar, cafetería e hamburguesería**

Locais destinados á expedición de café e bebidas de calquera tipo. Serve tamén, xa sexa na barra ou mostrador, ou nas mesas, a calquera hora que permaneza aberta, pratos rápidos, fríos ou quentes, sinxelos ou combinados, confeccionados de ordinario á prancha, para refrixerio rápido.

#### **Café-Bar especial**

Nas súas manifestacións actuais, é un local coas características de café-bar, pero amenizado con música ambiental.

#### **Café-Bar e café- concerto**



Establecementos públicos con características semellantes ó anterior, pero amenizados por cantantes ou músicos en vivo, celebrándose neles como mínimo unha actuación cada trimestre do ano natural.

**Discoteca e sala de baile**

Local de pública concorrencia onde se expenden todo tipo de bebidas e onde os usuarios dispoñen de equipos con fondo musical e unha guía de frases para reproducir coa súa propia voz as cancións da súa propia selección.

**Pub, disco-bar, piano-club**

Establecementos públicos onde se expenden todo tipo de bebidas, con acompañamento musical, podendo ter unha zona especial destinada ó baile.

**Restaurante, mesón, asador**

Establecemento público onde se serven comidas, con unha gama infinita de variedades, dende a modesta casa de comidas que proporciona un menú fixo a prezo económico ata os restaurantes suntuosos. Dentro desta categoría quedan encadradas as súas variantes, como ventas, mesóns, asadores, etc.

**Sala de Bingo**

Establecemento público onde se desenvolve o xogo de azar referido, o que consiste en que cada xogador complete os números que figuran no cartón, que foi adquirido previamente, na orde de aparición que indica un bombo coas bolas numeradas que van saíndo ó chou. O premio obteno o xogador que completa unha liña do cartón ou o cartón enteiro.

**Sala de internet**

Establecemento onde o público pode utilizar ordenadores persoais, con xogos e acceso a internet, en troques dun prezo por unidade de tempo. Soe estar combinado coa actividade de cafetería.

**Sala de xogos recreativos**

Establecemento onde se xoga en máquinas de azar por un determinado prezo. Tamén se atopan xogos de habilidade como fútbolín , ping-pong, billar,etc. Pode incluír tamén a actividade dunha sala de internet e pode estar combinado coa actividade de cafetería.

**Sala de festas e sala de baile (Engádeselle a “boite” e “music-hall”)**

Lugar onde se bebe, se baila e se presentan espectáculos, principalmente pola noite.

**Tablao flamenco**

Establecemento que dispón de plataforma ou escenario para actuacións dun determinado espectáculo flamenco, celebrándose neles como mínimo unha actuación en cada trimestre do ano natural.

**Taberna e adega**

Establecemento destinado á expedición de viños e tapas.

**Wisquería, barra americana, bar de alterne, “night-club”**

Establecemento público onde se venden todo tipo de bebidas, nun ambiente marcadamente erótico, e amenizado con música. Pode incluír espectáculos en vivo.

O Concello de Monforte comprobará periodicamente se cada local, no desenvolvemento das súas actividades, axustase ás propias do concepto no que se atopa incluído.

**Artigo 23º.- Clasificación das actividades por un grao de molestia**

Clasifícanse as distintas actividades de lecer en función do seu grao de molestia. Temos así:

**GRUPO I:** Bar. Café. Café-bar, cafetería e hamburguesería.

	Restaurante, mesón, asador.	Taberna e Adegas.	Sala de Internet.
<b>GRUPO II:</b>	Sala de bingo.	Boleiras	Sala de xogos recreativos.
<b>GRUPO III:</b>	Café- bar especial. Pub, disco-bar, piano-club.	Karaoke	Café concerto e café cantante.
<b>GRUPO IV:</b>	Discoteca e sala de baile.	Sala de festas.	Tablao flamenco.
<b>GRUPO V:</b>	Barra Americana. Wisquería.	Bares de alterne.	Night club.

As actividades que non estean expresamente comprendidas na nomenclatura dos tipos nomeados, encadraranse no grupo co que teñan unha maior afinidade.

Tódalas actividades, para obter a licenza, deberán encadrarse e definirse necesariamente nalgún dos grupos que clasifica esta Ordenanza, independentemente do que lles faculte o seu epígrafe fiscal. O exercicio dunha actividade amparado en normas fiscais ou doutra orde non poderá desnaturalizalo exercicio da actividade efectivamente desenvolvida. Para aquilo que non estea previsto na presente clasificación haberá que rexerse polo disposto na normativa específica, no caso de habela.

#### Artigo 24º.-

Debido os riscos de lesións auditivas que implica unha prolongada exposición a niveis de presión sonora superiores a 90 dB (A), ningún establecemento poderá supera-lo citado nivel sonoro.

#### Artigo 25º.- Condicións mínimas que deben reuni-los locais.

1. Alturas: Deberán respetarse as medidas contidas nas normas sobre edificación.
2. Os locais que teñan varios andares, sempre e cando o planeamento o permita, deberán cumprir, ademais, as seguintes condicións:
  - a) Cando a actividade se realice en varios andares, todos eles deberán reuni-las condicións fixadas no parágrafo precedente.
  - b) Para que un soto poida ser utilizado como complementario dunha actividade principal, deberá cumprí-los requisitos en materia de seguridade e condicións hixiénico - sanitarias.
  - c) O soto e a entreplanta quedarán vinculados fisicamente a planta baixa e non poderá accederse a eles dende os elementos comúns do inmovble.

#### Artigo 26º.- Relación do local coa vía pública

1. Tódalas actividades comprendidas nesta Ordenanza, e en especial as de lecer nocturno, deberán adoptar durante o seu funcionamento as medidas oportunas para evitar que o público efectúe as consumicións, dispensadas no local, na vía pública. Nas galerías, non se ocupará o corredor; este permanecerá libre e será insonorizado co mesmo nivel esixible ó local de maior nivel sonoro existente.  
  
Exceptúanse os locais que teñan autorización municipal para instalar, tanto en vía pública, como en galerías, terrazas con mesas e cadeiras, cos límites que se establecen nas citadas autorizacións.
2. Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercerse coas portas e fiestras pechadas.

3. Nos locais onde se desenvolven actividades reguladas pola presente Ordenanza, soamente será posible a instalación de aparellos de reprodución musicais cando estean expresamente habilitados para isto no título.
4. Non se permitirá a instalación e o uso dos aparellos de reprodución musical nas terrazas.
5. Non se permitirá cós aparellos de reprodución musical ou audiovisual nos locais do Grupo I, superen os 75 dB.
6. Non se permitirá a instalación e uso de aparellos de reprodución musical no exterior dos establecementos suxeitos a esta Ordenanza.
7. Nas actividades de lecer nocturno, os niveis máximos de ruído radiado ó exterior non poderán supera-los que se establezan na taboa de emisións, medidos a unha distancia de 1,5 metros da fachada.

#### **Artigo 27º.- Horario de peche e as súas limitacións**

1. Considerarase horario nocturno o comprendido entre as 22 e as 8 horas, en que descende o nivel de ruídos permitidos nesta Ordenanza.
2. Os locais comprendidos na presente Ordenanza axustarán o horario de funcionamento ás normas que dite en cada caso a entidade pública que teña encomendada esta competencia, no momento presente, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

#### **Artigo 28º.- Instalación de dispositivos de control: sonógrafos e limitadores de son**

1. Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta Ordenanza, establécese para as actividades clasificadas dentro dos Grupos II, III, IV e V a obrigación de instalar dispositivos de control permanente de emisión de ruídos, que rexistren e poidan chegar a provoca-la desconexión de equipo musical cando supere os límites establecidos.
2. Prestacións que deberá te-lo sonógrafo:
  - Rexistrar e almacena-lo período de funcionamento ruidoso de actividade en conxunto, rexistrando data e hora de inicio e terminación, cos seus correspondentes niveis de emisión de ruídos.
  - Rexistrar e almacena-los períodos de funcionamento das fontes sonoras con obxecto de poder controla-la súa correcta actuación.
  - Conserva-la información dos aparellos anteriores durante un tempo determinado para permitir unha inspección posterior.
  - Dispor dun sistema que permita ós servizos municipais rescata-la información almacenada para a súa posterior análise e avaliación, permitindo a impresión dos mesmos.
  - Dispositivo de protección sobre posibles manipulacións de información, mediante chaves electrónicas ou chaves de acceso.
  - Os dispositivos de control e limitación terán que ser homologados polo organismo competente.

#### **B) DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS**

##### **Artigo 29º.-**

O suxeito pasivo con obrigación de instala-las medidas de illamento para cós niveis de ruído e vibracións cheguen ata os mínimos sinalados é o titular do foco emisor do ruído.

##### **Artigo 30º.- Tratamento acústico dos locais**

1. En relación cos límites que aparezan na presente Ordenanza, será obrigatorio o tratamento acústico de paredes, chans e teitos co fin de garanti-los illamentos mínimos requiridos.
2. Condicións específicas para tódalas actividades comprendidas nos Grupos II, III, IV e V:
  - Chan flotante.
  - Teito illante suspendido.
  - Pechamentos dobres.
  - Portas acústicas.
  - Ausencia de fiestras e ocos abertos ó exterior.
  - Ventilación forzada e aire acondicionado.
  - Dobre porta:
    - a) Co fin de evita-la transmisión sonora directa ó exterior, nos establecementos dotados de equipo musical, será obrigatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e dispositivo antipánico de apertura manual e constituíndo un vestíbulo cortaventos.
    - b) Tamén será obrigatoria de forma xeral para tódolos establecementos cando se superen os 65 dB (A) entre as 22 e as 8 horas, medidos a metro e medio da fachada exterior, coa porta aberta e fronte a ela.
    - c) Estas portas deberán permanecer constantemente pechadas, excepto para a entrada e saída de persoas.
3. Con independencia dos trámites e requisitos do R.A.M. e a Orde sobre trámites de visitas de comprobación, citada anteriormente, relativos á concesión de licenzas de apertura e funcionamento, para a concesión desta última licenza, o Concello esixirá á propiedade un certificado final de obra, firmado polo técnico - director da mesma, das instalacións, das medicións e do illamento acústico conseguido. O certificado final da obra garantira cós materiais proxectados foron instalados.
4. Por outra banda, non se poderá poñer en funcionamento as instalacións, excepto no caso das actividades comprendidas no GRUPO I, en tanto o propietario non presente a certificación expedida por entidade ou empresa homologada de que se cumpre a normativa de contaminación acústica. A función destas empresas aparece no artigo 4, punto 5 da Lei 7/1997 do 11 de agosto.

**Artigo 31º.- Documentación para novas instalacións.**

1. Unha solicitude de licenza de apertura formularase mediante instancia dirixida á Alcaldía - Presidencia, na que se faga consta-los seguintes datos do solicitante: nome, apelidos, documento nacional de identidade, enderezo, teléfono e lugar en que trata de instala-la actividade.

Na instancia recóllese exactamente o carácter con que interveña o solicitante, indicando se actúa no seu nome ou en representación doutro. Neste caso, acreditará a súa representación e os datos correspondentes do representado.

Conxuntamente coa solicitude de licenza de apertura, deberá solicitarse a correspondente licenza de obras.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse un proxecto técnico, por triplicado, firmado polo técnico ou técnicos compoñentes e visado polos respectivos colexios oficiais, xunto co oficio que nomea ó técnico director da obra ou instalación, tamén visado polo correspondente colexio. A

documentación do proxecto, a parte da que legalmente se esixen en cada caso, contará cos seguintes aspectos:

**A. Memoria que comprenda:**

1. Descrición técnica detallada de:
  - Características de actividade.
  - Maquinaria que se vai instalar, indicando o tipo e as características.
  - A superficie total do local e cada un dos departamentos que o conforman (aseos, vestiarios, almacéns, etc.).
  - Os medios e sistemas correctores para reduci-la transmisión de ruídos e vibracións, cos correspondentes cálculos xustificativos que garante a obtención de nivel sonoro admisible, de conformidade co Artigo 13º desta Ordenanza.
  - O procedemento de depuración de fumes, gases e olores.
  - O sistema de evacuación de augas residuais e residuos sólidos.
  - As instalacións hixiénico - sanitarias e demais instalacións.
2. Xustificación de cumprimento das “Normas básicas de edificacións térmicas, acústicas e de protección contra incendios”.
3. Se se dá o caso, xustificación do cumprimento de “Regulamento Xeral da Policía, de Espectáculos e Actividades Recreativas”.

**B. Planos dobrados á medida DIN-4, co pestana, que permitan formar un expediente formalizado. A relación mínima dos planos que haberá que presentar é a que sigue:**

1. Da situación da actividade, a escala 1:500 ou 1:5000 de cartografía oficial municipal.
2. De roteiro, a escala 1:5000, copia de cartografía oficial, indicando a localización do edificio en que se pretende instala-la actividade, con expresión do destino dos edificios lindeiros e xustificación expresa de cumprimento das limitacións de localización a que se refire esta ordenanza.
3. Plano da situación do local no andar do edificio a escala 1:100.
4. Plantas de distribución, a escala 1:50, nas que se sinalará a posición da totalidade de maquinaria instalada, dos medios de extinción de incendios dos que se dota o local e da posición e características do iluminado de emerxencia e sinalización.
5. Se se dá o caso, plantas de zonificación e sectorización de local ou locais, de cara ó cumprimento da “Norma Básica NBE-CPI-96” ou posteriores.
6. Seccións, a escala 1:50, nas que se detallarán a situación relativa da actividade pretendida respecto os andares inmediatamente superior e inferior, así como o destino das mesmas. Nestas seccións demacaranse as distintas alturas libres resultantes en cada punto do local, de chan a teito, unha vez implantadas as instalacións e medidas correctoras; tamén demarcarase o nivel do local con respecto ó chan.
7. Alzadas de fachada, a escala 1:50, das instalacións de electricidade, fontanería, saneamento, ventilación, aire acondicionado e climatización xeral.

**C. Ademais, irá acompañada das seguintes separatas:**

1. Relación de tódalas actividades situadas no mesmo inmovible.
2. Nome e apelidos do presidente ou administrador da comunidade de veciños.
3. Expresión do Grupo no có solicitante entende encadrada a actividade pretendida, conforme á clasificación establecida.
4. Fotocopia da alta no Imposto de Actividades Económicas.
5. Relación de participantes colindantes.
6. Cadro xustificativo do cumprimento desta Ordenanza.

Documentación que debe agregarse coas solicitudes de ampliación de instalacións existente: Ademais da documentación indicada arriba, presentarse unha fotocopia da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade e, de se-lo caso, xustificación detallada do cumprimento desta Ordenanza.

#### **Artigo 32º.- Documentación específica**

Para conceder licenza de instalación dunha actividade con equipo de música ou que inclua actuacións musicais, ademais da documentación que legalmente se esixe en cada caso, será preciso presentar un estudio realizado polo técnico competente no que se describan os seguintes aspectos da instalación:

- a) Descrición do equipo musical (potencia acústica e gamma de frecuencias).
- b) Situación, número de altosfalantes e descrición de medidas correctoras (direccionalidade, suxección, localización de sonógrafo, etc.)
- c) Descrición de sistemas de illamento con detalle de pantallas illantes, especificación de gammas de frecuencia e absorción acústica.
- d) Fixación de tope de potencia fónica en función co nivel de emisión permitido para cada caso.

#### **Artigo 33º.- Cambios de titularidade das licencias de instalación**

1. As comunicacións obrigatorias de traspasos e cambios de titularidade das actividades expresarán, necesariamente, o Grupo no que o novo titular entende incluída a actividade do establecemento en cuestión, debendo solicitarse, de se-lo caso, a correspondente reclasificación. O cambio de titularidade ou clasificación require unha nova tramitación, non concedéndose ningún cambio de titularidade cando existan obrigacións incumplidas por parte do que tramite a licenza.
2. Acompáñase a comunicación cunha fotocopia do recibo do I.A.E. e da licenza municipal de instalación e apertura, así como da documentación no que se acredite o consentimento para realiza-los cambios do anterior e do novo titular ou sentenza xudicial có dispoña.

O solicitante de cambio deberá presentar un novo proxecto técnico e tramita-la licenza correspondente no caso de modificarse o local, requisito que non se lle esixirá, sempre que indique expresamente que acepta as prescricións do proxecto técnico inicial. Este novo titular deberá cumpri-las condicións esixidas nas Ordenanzas Municipais.

## **TÍTULO V**

### **A) OBRIGACIÓNS DOS TITULARES DE ACTIVIDADES**

#### **Artigo 34º.- Deberes xenéricos**

Os titulares das licencias están obrigados a:

1. Exerce-la actividade nos termos establecidos na correspondente licenza de apertura e, en todo caso, a axustala ós límites previstos na presente Ordenanza.
2. Exerce-la actividade coa dilixencia debida para evita-la produción e molestias a usuarios e veciñanza.
3. A cumpra-las ordes individuais que lles poida dirixi-la Administración Municipal, a fin de evita-la produción de perturbacións por ruídos e/ou vibracións, especialmente durante o horario nocturno.

#### **Artigo 35º.- Deberes específicos**

1. Adoptar, durante as horas de funcionamento da actividade, especialmente durante un horario nocturno, as medidas oportunas para evitar que ó público efectúe as súas consumicións fora do establecemento ou na vía pública. Quedan exceptuados desta obrigaón os establecementos que teñan autorizado o funcionamento de terrazas na vía pública, sempre que se axusten ás prescricións da súa respectiva autorización ou licenza.
2. Exerce-la actividade coas portas e fiestras pechadas, evitando a propagación de ruídos e sons ó exterior.
3. Impedi-la superación dos niveis de capacidade do local establecidos.
4. Cumpra-los horarios de peche dos locais de esparcemento. Unha vez que se teña superado o horario de peche establecido pola Autoridade Governativa correspondente para as distintas actividades, non poderá volver a abrir ó público nas oito horas seguintes dese a hora de peche.
5. Prohibir e impedi-lo acceso a menores nos locais sen a compañía dos seus pais e persoas responsables, excepto nos supostos en que se autorice especificamente ó seu funcionamento para actividades xuvenís nos Grupos II, III e IV, en franxa horaria de 18 a 22 horas, con prohibición absoluta de venta e exhibición de alcohol.
6. Impedi-la saída de persoas do local portando botellas, envases ou vasos, calquera que sexa a súa composición e características (cristais, plástico, cartón, etc.)
7. Ter no local o libro de Reclamacións, facilitalo ós servizos municipais e non impedir que nel mesmo os inspectores plasmen os resultados da inspección.
8. Non instalar no local, se non está expresamente autorizado, futbolíns, máquinas recreativas que poidan producir ruídos de impacto, lampexos luminosos ou ruídos.
9. Deberán proceder á limpeza da zona ou vía pública lindante co seu establecemento, unha vez finalizado o seu horario de actividades, os titulares de locais que instalen veladores ou terrazas, logo da autorización municipal.
10. O titular da licenza será o responsable do mantemento da orde, tanto no local como nos seus accesos.
11. O titular da licenza ou, no seu caso, o encargado do establecemento, estará obrigado a colaborar cos servizos de inspección e cos axentes da autoridade en cumprimento da súa misión, facilitándolles o acceso ás instalacións, dispoñendo o funcionamento dos elementos xeradores de ruídos a distintas velocidades, cargas ou marchas que se lle indiquen.

#### **B) EXERCICIO IRREGULAR DA ACTIVIDADE**

##### **Artigo 36º.- Establecemento onde se exerce unha actividade sen licenza**

1. Para os efectos previstos neste artigo, considérase que nun establecemento exércese unha actividade sen licenza, nos seguintes casos:
  - 1.1. Cando o local en referencia non dispón de licenza municipal de apertura.
  - 1.2. Cando, aínda tendo o local licenza municipal de apertura, a actividade é exercida por outra persoa distinta ó titular da licenza. Para estes efectos, presúmese que a actividade desenvolvida no local é exercida pola persoa que figure na alta no Imposto de Actividades Económicas.
  - 1.3. Cando se exerce unha actividade nun establecemento con licenza retirada, provisional ou definitiva, ou caducada.
2. Cando se detectase que nun establecemento estase exercendo unha actividade sen licenza, e ante o risco que implica a apertura e funcionamento dun local de pública concorrencia, sen prexuízo das puntuacións que máis abaixo se deixan expresadas, adoptárase con carácter xeral, as seguintes medidas:
  - 2.1. Incoarase expediente sancionador fronte á persoa que veña exercendo a actividade.
  - 2.2. Poderase dispoñer, como medida cautelar, o cese provisional da actividade de forma inmediata, podendo ser executado forzosamente polo Excmo. Concello de Monforte, quen terá que advertir desta circunstancia na orde de peche.
  - 2.3. Concederáselle á persoa que veña exercendo clandestinamente a actividade, e sen prexuízo para o seu inmediato cese, un prazo de dez días para que alegue o que teña por conveniente ó seu dereito.

**Artigo 37º.- Establecemento que non se axusta á actividade para a que conta con licenza**

1. Para os efectos previstos neste artigo, considérase que un establecemento cambiou de actividade cando a exercida efectivamente no local, non se corresponda total ou parcialmente coas actividades amparadas pola súa licenza e, á súa vez, tales actividades teñan encaixe nun Grupo de clasificación distinto conforme á desta mesma Ordenanza.
2. Cando se detectase que a actividade exercida no establecemento non se corresponde coa da licenza de apertura concedida, adoptárase as seguintes medidas:
  - 2.1. Incoarase expediente sancionador.
  - 2.2. Como medida provisional poderase ordear ó titular que, de forma inmediata, cese no exercicio da actividade efectivamente exercida no local, para a que non conta con licenza.
  - 2.3. Concederáselle ó titular un prazo de dous meses para que el mesmo solicite licenza de apertura para a actividade efectivamente exercida no local ou, noutro caso, para que efectúe as obras necesarias no establecemento, co fin de axusta-lo exercicio da actividade ó amparado pola licenza.
3. Sen prexuízo do expediente sancionador que puidese incoarse, se dentro do prazo concedido, o titular realizase no establecemento as obras e actos necesarios para axusta-lo exercicio da actividade ó da licenza concedida, e sempre que estas fosen suficientes a xuízo dos servizos técnicos municipais, levantarase as medidas adoptadas, permitíndose o exercicio da actividade autorizada na licenza.
4. Transcorrido o prazo anteriormente concedido sen que o requirido formulase alegacións ou efectuado as adaptacións necesarias para axusta-lo exercicio da actividade ó contido da licenza, en tal caso impedirase definitivamente o exercicio da actividade que non conta con licenza.



### **Artigo 38º.- Reincidencia e circunstancias agravantes**

Enténdese por reincidencia a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Son circunstancias agravantes:

1. A reiteración nos feitos, consistentes na produción de molestias no exercicio da actividade periódica ou frecuentemente repetida, detectadas polos servizos municipais nos seis meses anteriores.
2. A especial gravidade do incumprimento, o carácter repetitivo da molestia producida, o grao de difusión de ruídos e/ou vibracións a locais inmediatos, a duración, intensidade e/ou persistencia da exposición á molestia no tempo, o incumprimento da capacidade do local, o incumprimento de condicións do local que poidan por en perigo a seguridade das persoas, o exercicio da actividade con portas e fiestras abertas, etc.
3. A incidencia notoria no medio ambiente sonoro, o número de afectados e a repercusión no descanso dos veciños.

### **Artigo 39º.- Precinto ou retirada de aparellos ou instalacións**

1. Cando se dispuxese a limitación ou inutilización dalgún aparello, sistema, instalación, etc., ou o cese dalgunha actividade exercida no propio establecemento, poderase ordear-la retirada ou precinto dos mesmos.
2. Cando se ordene a retirada de aparellos móbiles do establecemento, o titular está obrigado a facelo no prazo que se lle sinale e a non volver a reinstalalos, xa sexa o mesmo aparello ou outro de similares características, ata que non obteña a autorización para facelo.

A reinstalación de aparellos sen a debida autorización, será constitutiva de infracción moi grave.

3. O precinto dos aparellos, sistemas, instalacións, etc., poderá ordearse, ben para limita-lo sen uso e/ou intensidade, ben para impedilo. O precinto consistirá nun sistema que poderá revestir distintas formas e instalarse de forma ben visible.
4. O titular da actividade estará obrigado especialmente a manter en debidas condicións o estado do precinto e a comunicar á Administración inmediatamente a súa desaparición, rotura ou calquera outra circunstancia que non garantice a eficacia do mesmo.
5. Non se poderá retirar-lo precinto sen previa autorización municipal. Non obstante, o titular pode solicitar da Administración municipal que se levante o precinto con obxecto de efectuar adaptacións, reparacións, etc., necesarias, e, nese caso, a Administración poderá autorizalo. Neste caso, o titular estará obrigado a comunicar inmediatamente ós servizos municipais o momento no que se produxese a reparación da deficiencia. Non se poderá poñer en funcionamento o aparello ou sistema precintado durante o horario da actividade, en tanto non se comprobe o seu grao e eficacia sexa autorizado polos servizos municipais.

A posta en funcionamento do aparello ou sistema precintado durante o horario de actividade, sen a previa autorización será constitutiva de infracción moi grave.

6. A alteración, estrago, rotura, etc., de precintos será constitutiva de infracción moi grave. Presumirase que a actuación sobre o precinto foi realizada polo titular ou persoal ó seu cargo no establecemento cando se encontre en zona á que no teña acceso ó público.

### **Artigo 40º.- Precinto de locais**

1. Cando se dispuxese o cese, provisional ou definitivo de tódalas actividades que se exerzan nun establecemento ou ben a súa clausura, poderase ordear-lo precinto do local.
2. O precinto dun local terá por obxecto impedi-lo seu uso para a actividade concreta á que estaba destinado. O precinto consistirá nun sistema que poderá revestir diversas formas e instalarse de forma ben visible.
3. O titular da actividade e/ou do local estará obrigado especialmente a manter en debidas condicións o estado do precinto e a comunicar á Administración inmediatamente a súa desaparición, rotura, ou calquera outra circunstancia que non garantice a eficacia do mesmo. O incumprimento desta obrigación será constitutivo de infracción leve.
4. Non se poderá retirar-lo sen previa autorización municipal. Non obstante, o titular pode solicitar da Administración municipal que se levante o precinto con obxecto de efectua-las adaptacións, reparacións, etc., precisas ou retirar obxetos e, nese caso, a Administración poderá autorizalo. No momento no que se produxera a reparación da deficiencia, o titular estará obrigado a comunicarllo inmediatamente ós servizos municipais. Non se poderá abri-lo establecemento ó público en tanto non se conceda a autorización de funcionamento.
5. A apertura dun establecemento carecendo da previa autorización, será constitutiva de infracción grave.
6. Independentemente das responsabilidades penais en que puidese incurrir, a manipulación, alteración, deterioro, rotura, etc., de precintos será constitutiva de infracción grave.

## TÍTULO VI - REGULACIÓN DE RÚIDO DE TRÁFICO

### Artigo 41º.-

Todo vehículo de tracción mecánica deberá de ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, a carrozaría e as demais pezas e mecanismos capaces de producir rúidos, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular co motor en marcha non exceda dos límites que establece a presente Ordenanza.

### Artigo 42º.-

1. Queda prohibida a circulación de vehículos a motor co chamado “escape libre” ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inaxeitados ou deteriorados.
2. Queda prohibido forza-las marchas dos vehículos a motor, producindo rúidos molestos como aceleracións innecesarias, forza-lo motor en pendentes ou ir máis dunha persoa en ciclomotores.
3. Queda prohibido o uso de bucinas ou calquera outro sinal acústica dentro do casco urbano, excepto en caso de inminente perigo de atropelo ou colisión ou que se trate de servizos de urxencia (Policía, Bombeiros ou Ambulancias) privados para o auxilio urxente de persoas.

### Artigo 43º.-

1. Os límites máximos admisibles para rúidos emitidos por vehículos a motor serán os establecidos na lexislación sobre a materia vixente en cada momento.
2. No caso en que se afecte notoriamente á tranquilidade da poboación o Concello poderá sinalizar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos a motor non poden circular ou deben facelo de forma restrinxida en horario e/ou velocidade.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, considéranse as zonas que soporten un nivel de ruído debido ó tráfico rodado que alcance valores de nivel continuo equivalente (Lpaeq) superior a 55 dB durante un período nocturno e a 65 dB nun período diúrno.

3. Para a inspección e control dos vehículos a motor, os servizos municipais competentes axustaranse ó establecido na lexislación de referencia.

#### **Artigo 44º.-**

A Policía Local formulará denuncia contra o propietario ou usuario de todo vehículo que sobrepase os niveis máximos permitidos, indicando a obrigación de precinta-lo vehículo no lugar e hora precisos para a súa inspección.

#### **Artigo 45º.-**

A infracción das normas contidas neste título ocasionará ós infractores, con independencia doutras responsabilidades legalmente esixibles, a imposición das correspondentes sancións. Xunto á infracción, o Concello indicará ó infractor o prazo en que debe correxi-la causa que dera lugar á mesma.

### **TÍTULO VII - ACTIVIDADES VARIAS**

#### **Artigo 46º.-**

A produción de ruídos na vía pública e nas zonas de pública convivencia, así como no interior dos edificios, deberá ser mantida dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá, especialmente en horas de descanso nocturno.

Esta prescrición refírese especialmente a:

- O volume especialmente alto da voz humana ou actividade directa das persoas.
- Os sons producidos polos diversos animais domésticos.
- Os aparellos ou instrumentos musicais, televisores, etc.
- Os electrodomésticos.

#### **Artigo 47º.-**

En relación có artigo anterior, queda prohibido:

- Cantar, gritar, vociferar ou realizar traballos e reparacións domésticas entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte.
- Realizar traballos de bricolaxe con carácter asiduo cando os ruídos producidos durante a execución dos mesmos superen os niveis establecidos nesta Ordenanza.

#### **Artigo 48º.-**

1. Con carácter xeral, non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou esparcemento.

Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá que, no seu caso, determine a Alcaldía.

2. Nos traballos realizados, tanto nunha vía pública como nunha edificación, non se autorizará o emprego de maquinaria que teña un nivel de emisión externo (N.E.E.) superior a 90 dB(A), medido na forma fixada na normativa de referencia.

3. Non poderán realizarse traballos, nin na vía pública nin nunha edificación, entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte se producen niveis sonoros superiores ós establecidos con carácter xeral no título II do Anexo da Lei 7/1997, do 1 de agosto.
4. Exceptúanse, sendo necesaria a autorización da Alcaldía, as obras urxentes, as que se realicen por razón de necesidade ou perigo e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan levarse a cabo durante o día.
5. Autorízanse as probas e ensaios dos sistemas de alarma, que serán de dous tipos: iniciais e rutineiras (de comprobación periódica, podendo realizarse como máximo cada mes e durante 5 minutos). Poderán efectuarse entre as 10 e as 18 horas.

Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma produza molestias ó vecindario e non sexa posibles localizar ó responsable ou titular de dita instalación, o órgano municipal competente procederá a desmontar e retirar-lo sistema de alarma, segundo o disposto en Lei de Protección contra a Contaminación Acústica 7/1997, de 11 de agosto.

## **TÍTULO VIII - RÉGIME XURÍDICO E SANCIONADOR**

### **A) INSPECCIÓN**

#### **Artigo 49º.- Réxime de inspección**

1. Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores dos ruídos terán que facilitar ós funcionarios municipais habilitados para a inspección o acceso ás súas instalacións ou focos de ruído e disporán ó seu funcionamento das distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen ditos funcionarios. Así mesmo, poderán presencia-lo proceso operativo e asesorarse cos técnicos que consideren procedentes. Este persoal municipal, en exercicio das funcións previstas nesta Ordenanza, gozará da condición de axente de autoridade.
2. Os donos e persoas que se atopen ó fronte das actividades comprendidas na presente Ordenanza, teñen a obrigaón de presenta-la correspondente licenza de apertura e de facilitar ós inspectores municipais o acceso ás instalacións xeradoras das molestias ou perigos.
3. Os servizos municipais poderán requirir en calquera actividade á que se refire esta Ordenanza, ou á persoa que se atope ó fronte dela, á presentación das correspondentes licencias de apertura e autorización do funcionamento.
4. Tamén poderán efectua-los servizos municipais, en calquera xeito, inspección nos locais ou establecementos suxeitos a esta Ordenanza, mentres se atopen en funcionamento, para comproba-lo funcionamento das condicións prescritas nas licencias municipais e as correspondentes autorizacións de funcionamento.
5. As inspeccións que teñan por obxecto a medición de ruídos e/ou vibracións que se levarán a cabo tanto para os ruídos emitidos como para os transmitidos, no lugar en que o seu valor sexa máis alto e, se cumprira, no momento e situación en que as molestias sexan máis acusadas.
6. As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións. Por isto, as medicións relativas a ruído obxectivo, realizaranse trala citación o responsable do foco ruidoso. As medicións relativas ó ruído subxectivo practicaranse sen o coñecemento do titular, sen prexuízo de que, neste caso, poida ofrecerse ó responsable do foco ruidoso a posibilidade dunha nova medición na súa presenza e para o seu coñecemento.

7. Do resultado das inspeccións levantarase a oportuna acta, a ser posible en presenza do titular. Neste caso, darase copia da acta ó titular ou encargado da actividade e poderase facer constar no libro de reclamacións.
8. As actas que se levanten gozarán da presunción de veracidade respecto ós feitos en que as mesmas se declaren probados.
9. Os funcionarios ou empregados municipais nomeados para efectua-las labores de vixancia ou inspección medio ambiental ás que se refire esta Ordenanza, gozarán, no exercicio das súas funcións, da consideración de Axentes da Autoridade, estando facultados para acceder, logo da identificación e sen previo aviso, ás instalacións onde se exerzan as actividades suxeitas á presente Ordenanza. Cando cumpra entrar nun edificio, non poderán facelo sen a correspondente autorización xudicial.

#### Artigo 50º.- Denuncias

As visitas de inspección poderanse levar a cabo por iniciativa municipal ou a requirimento de calquera interesado. De ser temerariamente inustificada a denuncia, serán de cargo do denunciante os custos que orixine a inspección.

As solicitudes conterán, ademais dos datos esixibles nas instancias e na lexislación que regula o procedemento administrativo, os datos precisos para realiza-la inspección.

Cando sexan denuncias referentes a ruídos producidos por vehículos a motor, consignarase nas mesmas, ademais do número da matrícula e tipo de vehículo co que se acomete a suposta infracción, o nome e apelidos, número do D.N.I. e dirección do denunciado se fosen coñecidos, así como a relación do feito, expresando o lugar, data e hora na que foi apreciada.

Na visita de inspección, ou se o acceso ó lugar a inspeccionar resultase imposible (por imposibilidade material de acceder ó recinto, aglomeracións de persoas que puidesen por en perigo a integridade das persoas que realicen a inspección, negativa do titular ou encargado a que se practique, etc.), os servizos municipais levantarán unha acta. En ámbolos casos, darase copia do acta ó titular ou encargado da actividade.

#### Artigo 51º.-

Nos casos de recoñecida urxencia, cando os ruídos resulten altamente perturbadores ou cando sobreveñan ocasionalmente polo uso abusivo, deterioro ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, a solicitude da visita de inspección poderase formular directamente ante os servizos de inspección, tanto de palabra como por escrito.

### **B) TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓN E RÉXIMEN SANCIONADOR**

#### Artigo 52º.-

Considéranse como infraccións administrativas os actos e omisións que contraveñan as normas contidas nesta Ordenanza respecto ós focos contaminadores do medio ambiente por ruídos e vibracións, e mal uso das licencias.

#### Artigo 53º.- Clasificación de infraccións

##### 1. Considéranse **infraccións leves**:

- a) A superación de niveis ata 5 dB(A).
- b) Transmitir niveis de vibracións correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admisible para cada situación.

- c) Calquera outra infracción ás normas da presente Ordenanza non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.
- d) En xeral, a realización das actividades non permitidas polo Título VIII desta Ordenanza.
- e) A circulación de vehículos de motor co “escape libre” e cos silenciadores ineficaces, incompletos ou deteriorados.
- f) A non presentación dos vehículos ás inspeccións.
- g) Non ter no local o Libro de Reclamacións.
- h) Exerce-la actividade por persoas distintas cando se producese a legalización da actividade mediante a comunicación á Administración da transmisión da licenza na forma prevista nesta Ordenanza e dentro dos prazos concedidos.
- i) Non comunicar á Administración inmediatamente que o precinto non se atopa nas debidas condicións, sempre que iso non afecte á eficacia do precinto.
- j) Sobrepassa-los niveis de emisión interna cando non fose constitutivo de falta grave ou moi grave.
- k) Sobrepassa-lo nivel transmitido admisible cando non fose constitutivo de falta grave ou moi grave.
- l) A instalación de portas metálicas, persianas de protección, motores e mecanismos de remolque en garaxes ou locais, sen sistema de amortecedor de impactos.

2. Considéranse **infraccións graves**:

- a) A superación de niveis de ruídos permitidos no exterior en máis de 5 dB(A) dos valores límites admitidos.
- b) Transmitir niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.
- c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d) A negativa ou obstrución á inspección.
- e) A reincidencia en falta leves no prazo de 12 meses.
- f) Supera-lo local os niveis de cabida.
- g) Non dispor das medidas de seguridade esixidas na licenza.
- h) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de produciren ruídos ou vibracións sen obteren a previa autorización ou licenza.
- i) A transgresión ou incuprimento das condicións impostas na autorización ou licenza así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición da sanción se proceden voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.
- j) exercicio dunha actividade pertencente a un Grupo de clasificación distinto ó que figura na licenza autorizada.

- k) A instalación e uso sen licenza da aparellos de música ou vídeo - musicais, utilización de instrumentos musicais, etc. no interior dos locais.
- l) A ocupación da vía pública con mesas, cadeiras, etc. no exterior do establecemento, carecendo de autorización.
- m) A instalación e uso e aparellos de reprodución de música nas terrazas do exterior do establecemento, carecendo de autorización.
- n) Non dispor ou ter inutilizada a extracción de aire, tanto para aire acondicionado, como para ventilación forzada, no caso de estar obrigado.
- o) A extracción de fume ou gases, sen axustarse ás condicións establecidas nesta Ordenanza.
- p) Carecer de Libro de Reclamacións.
- q) Non facilitar ós servizos municipais o Libro de Reclamacións.
- r) Impedir que os servizos municipais fagan constar no Libro de Reclamacións o resultado das visitas.
- s) Obstruír ou obstaculiza-las labores de inspección dos servizos municipais.
- t) Non presentar ós servizos municipais, cando se sexa requirido para iso, a correspondente licenza de apertura ou autorización de funcionamento.
- u) Non proceder, dentro do prazo establecido, á retirada de aparellos móbiles do establecemento, cando o seu titular fose requirido.
- v) Non comunicar inmediatamente ó Concello a desaparición, rotura ou calquera outra circunstancia que non garanta a eficacia do precinto.
- w) Exerce-la actividade sen te-las portas ou fiestras pechadas a partires das 22 horas.
- x) Permitir sacar vasos e outros recipientes fóra do local.
- y) A exhibición ó público de produtos alcohólicos nos locais comprendidos nos Grupos II, III e IV durante o horario de funcionamento para actividades xuvenís, con franxa horaria de 28 a 22 horas.
- z) A instalación de billares, futbolíns, máquinas comecartos ou similares sen autorización.
  - aa) Non limpa-la parte da rúa lindante co establecemento unha vez rematado o exercicio da actividade.
  - bb) A instalación ou uso das portas metálicas, motores e mecanismos de arrastre en garaxes ou locais sen sistema de amortecemento de impactos, cando fose requirido anteriormente para a reparación da deficiencia.

3. Considéranse **infraccións moi graves**:

- a) A superación de niveis de ruído permitidos no exterior en máis de 15 dB (A).
- b) Transmitir niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.
- c) A reincidencia en faltas graves no prazo de 12 meses.
- d) Exercer unha actividade nun local que non dispoña de licenza municipal de apertura.
- e) Exerce-la actividade sen obte-la autorización de funcionamento.

- f) Exerce unha actividade nun establecemento cando a súa licenza estea retirada, provisional ou definitivamente, ou se atopa caducada.
- g) Carece-lo local dos equipos de protección e/ou do número legal de extintores de incendios ou non telos en condicións de uso .
- h) Obstruír saídas de emerxencia ou mal funcionamento das portas antipánico, manipulación de materias perigosas ou outras accións que poidan por en perigo real a integridade das persoas que acudan ó local.
- i) Supera-lo local os niveis de cabida en máis do 30%, ou sen chegar a esa porcentaxe, cando fosen denunciados por falta grave.
- j) Exerce-la actividade persoa distinta do titular da licenza e, despois de ser requirido non proceder a tramita-lo cambio de titularidade.
- k) Exerce-la actividade persoa distinta do titular da licenza cando, ademais, concorran outras cousas de incumprimento de obrigacións de especial gravidade ou incidencia notoria no medio ambiente sonoro, na forma definida na presente Ordenanza.
- l) exercicio da actividade pertencente a un grupo de clasificación distinto, cando esta circunstancia concorra con outras causas de incumprimento de obrigacións, tales como reincidencia, reiteración dos feitos, especial gravidade do incumprimento ou incidencia notoria no medio ambiente sonoro na forma definida nesta Ordenanza.
- m) Impedi-las labores de inspección dos servizos municipais.
- n) A reinstalación de aparellos móbiles no establecemento cando o seu titular fose obrigado a retiralos ou a instalación de aparellos de similares características mentres non se obtivese a autorización para facelo.
- o) A manipulación, alteración, deterioro, rotura, etc. de precintos por parte do titular.
- p) A posta en funcionamento do aparello, sistema ou establecemento precintado sen obte-la previa autorización.
- q) Funcionar sen sonógrafo ou con el avariado. Retirar ou desconecta-lo sonógrafo, limitador dos niveis de sonido ou os sistemas de contabilización da cabida do local, cando a súa instalación fose expresamente establecida, así como a manipulación ou calquera outra actividade encamiñada a evita-la eficacia do sistema ou o acceso ós datos rexistrados.
- r) Impedir ós servizos municipais o acceso ós datos contidos en sonógrafos, limitadores, ou outros aparellos nos que a instalación fose decretada polo Concello.
- s) Non ter instalada unha dobre porta cando resulte obrigatoria.
- t) Non evitar que ó público efectúe as súas consumicións fóra do establecemento ou na vía pública, agás nos casos expresamente autorizados.
- u) Incumpri-los horarios de peche dos locais, especialmente en horas nocturnas.
- v) Non impedi-lo acceso a menores ós locais comprendidos nos Grupos II, III, IV, V; agás nos supostos especificamente autorizados, ou expenderlles consumicións con alcohol.
- w) incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordada pola autoridade competente.

**Artigo 54º.- Sancións para as faltas descritas no artigo anterior**



Sen prexuízo das medidas cautelares contempladas no artigo 61 desta Ordenanza, con carácter xeral, especifícanse as seguintes sancións, que coinciden coas establecidas no artigo 16 da lei de Protección contra a contaminación acústica:

- A) As infraccións leves sancionaranse con multa de 10.000 pesetas ata 250.000 pesetas e/ou cesamento da actividade de 1 a 4 días.
- B) As infraccións graves sancionaranse con multa de 250.001 pesetas ata 1.500.000 pesetas e/ou cesamento da actividade de ata 6 meses, con precinto, se fose procedente.
- C) As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 1.500.001 pesetas ata 10.000.000 pesetas e/ou cesamento da actividade por espazo de tempo superior a 6 meses, con precinto se fose procedente ou renovación da licenza municipal outorgada.

As sancións que causen o cese da actividade, non supoñen que unha vez cumprido o término da sanción, esta poida reanudarse se persisten as causas da sanción, debendo aplicarse as medidas correctoras que se impoñan.

#### **Artigo 55º.- Indemnización de danos**

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador, poderá acordarse, ademais da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionadas como consecuencia da actividade infractora.

Para a execución de ditos actos, se o infractor non os cumprise voluntariamente no prazo que se sinala, poderán impórsele multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 ptas. , cada unha.

Igualmente poderá ordenarse a execución subsidiaria nos términos previstos na Lei 30/92.

#### **Artigo 56º.- Prescripción**

As infraccións ás que se refire esta Ordenanza prescribirán nos seguintes prazos, desde a comisión do feito:

- a) Seis meses, no caso de infraccións leves.
- b) Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

#### **Artigo 57º.- Persoas responsables**

Con carácter xeral, son persoas responsables das infraccións ás normas desta Ordenanza, os causantes da perturbación ou, en calquera caso, as persoas de quen dependan ou os titulares da actividade produtora das molestias.

#### **Artigo 58º.- Procedemento**

1. As faltas que dean lugar a sanción, tramitaranse mediante incoación do correspondente expediente sancionador, segundo o disposto na Lei 30/1992 e no R.D. 1398/93, que aproba o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora ou normas que o substitúan.
2. Pola contra, para a imposición de sancións leves non será preceptiva a previa instrución de expediente a que se refire o parágrafo anterior, sen prexuízo do trámite de audiencia ó interesado, que deberá cumprirse en todo caso.

#### **Artigo 59º.- Graduación das sancións**

Na imposición dunha sanción deberase garda-la debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo de infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción a aplicar:

1. A inexistencia de intencionalidade. Para estes feitos, presúmese a intencionalidade da conduta do titular cando se producise requirimento ou invitación previa por parte da Administración para adoptar determinadas medidas ou cese a produción das molestias. Neste aspecto, considérase o grao de colaboración dos titulares da actividade para elimina-las molestias.
2. A reiteración dos feitos. Considérase reiteración a produción de molestias no exercicio da actividade periódica ou repetida a cotío no tempo, en contraposición ó carácter ocasional da infracción.
3. A natureza dos prexuízos causados. Tomarase en consideración o grao de incidencias no medio ambiente sonoro, o grao de difusión de ruídos e/ou vibración a locais inmediatos, a duración da intensidade da exposición da molestia no tempo, o número de afectados, etc.
4. A reincidencia por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

**Artigo 60º.- Medidas cautelares compatibles co exercicio da potestade sancionadora**

1. Con independencia das demais medidas que se adopten para garanti-la eficacia da resolución que se dicte no seu momento, con carácter cautelar o Concello poderá acorda-la inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evita-los danos ou molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras.
2. Do mesmo xeito, e co mesmo carácter cautelar, poderá acordarse o cesamento da actividade e a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumplido no prazo que para o efecto se sinale.
3. Tamén poderá acordarse o precinto dos equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evita-la persistencia na actuación infractora.

Ditas medidas adoptaranse trala audiencia ó interesado, por un prazo de cinco días, agás naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

**Artigo 61º.- Caducidade e revocación da licenza**

1. Quedan sen efecto as licencias de apertura e funcionamento das actividades incluídas nesta Ordenanza, nos seguintes supostos:
  - a) Unha vez transcorridos seis meses desde a concesión da autorización de funcionamento sen que se iniciara o exercicio da actividade.
  - b) Unha vez transcorridos seis meses desde a retirada temporal da licenza, cando non fose aberto ó público nas condicións regulamentarias.
  - c) Cando, transcorridos seis meses desde que se fixese o requirimento polo Concello para a acometida de obras de adaptación do local, estas non se fixeran.
  - d) Cando o establecemento estivese máis de seis meses cerrado ó público sen causa xustificada da que tivese coñecemento a Administración.
  - e) Cando o titular se dé de baixa en calquera dos impostos municipais, autonómicos ou locais

relacionados coa actividade ou se dese de baixa en servizos de calquera natureza, indispensables para o exercicio da mesma (auga, lixo, etc.)

f) Por pasamento ou por extinción da forma xurídica do titular, agás cando se transmita a un terceiro.

2. Procederá a revocación da licenza nos seguintes supostos:

a) Nas infraccións moi graves, cando se produza reincidencia, ou así se recolla no cadro de sancións.

b) Cando existan sentencias xudiciais relacionadas co tráfico de drogas, venta de alcohol a menores ou graves alteracións da orde pública.

## DISPOSICIÓNS ADICIONÁIS

### PRIMEIRA.- Outras competencias

O réxime que establece a presente Ordenanza, enténdese sen prexuízo das intervencións que corresponden a outros organismos na esfera das súas respectivas competencias.

### SEGUNDA.- Modificacións

As modificacións que compra introducir na Ordenanza, axeitaranse os mesmos trámites seguidos para a súa formulación e aprobación.

### TERCEIRA.- Medicións

Cando, feita unha medición polos servizos municipais, prodúzase contradición entre o nivel rexistrado polo sonógrafo e as medidas obtidas, trala repetición da medición, prevalecerán estas últimas.

### CUARTA.-

A solicitude da licenza de actividade non implica por só mesma unha resolución positiva. Polo tanto, non se poderá comeza-lo exercicio da actividade sen có interesado estea na posesión da xa nomeada licenza ou de calquera outra autorización municipal para o exercicio da mesma.

### QUINTA.-

Considéranse zonas saturadas aquelas que chegaron ós máximos niveis de ruído no exterior fixados para elas, debido a que a actividade desenvolvida provoque a concentración de fontes sonoras ou a afluencia de público, circunstancia que se constatará coa elaboración dun mapa sonoro ou estudio acústico oportuno.

Nestas zonas o Concello poderá denega-la licenza municipal de apertura de establecementos para aqueles locais nos que se vaia instalar unha actividade, no có seu exercicio provoque unha adición ós niveis de ruído xa existentes.

Nas zonas declaradas saturadas non se permitirá a reclasificación ou cambio de Grupo que implique ampliación do horario de funcionamento.

## DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

### PRIMEIRA.

1. Aquelas actividades ou instalacións con licenza que produzan ruído ou vibracións superiores os niveis máximos establecidos nela, disporán dun prazo de seis meses a contar dende a aprobación desta Ordenanza para adapta-los establecementos co fin de garantir en todo momento o respecto polos niveis autorizados.

2. Se do exame da documentación presentada resultase a imposibilidade material de axustarse ás condicións establecidas nas presentes normas, ou esta puidese se antieconómica, o Concello podería outorgar autorización de funcionamento, establecendo limitacións máis severas en dito funcionamento da actividade co obxecto de que non se produzan molestias.
3. En todo caso, no prazo de dous anos tódalas actividades ás que se refire o parágrafo anterior deberán estar plenamente axustadas ás condicións establecidas na presente Ordenanza.

#### **SEGUNDA.**

Cando á luz desta Ordenanza, un establecemento público recreativo non estea incluído na definición e o Grupo que lle correspondería polas súas características, dispoñerá dun prazo de catro meses para realiza-las obras que lle cumprisen para adaptarse ós novos requirimentos.

Se isto non fose posible, seralle revocada definitivamente a licenza ó establecemento.

#### **TERCEIRA.**

Os establecementos públicos con licenza de instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, deberán adaptarse ó disposto na mesma nos seguintes casos:

- a) Cando se realicen modificacións, ampliacións, ou reformas que excedan de obra de mera hixiene, ornato ou conservación.
- b) Cando se transmita a licenza dos establecementos con illamento inferior en máis de 5 dB(A) ó esixido e se impuxese no ano inmediatamente anterior algunha sanción por incumprimento dos niveis de ruído ou vibracións.
- c) Cando así se impoña como esixencia para a reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na Ordenanza.

#### **CUARTA.**

As actividades establecidas antes da promulgación desta Ordenanza poderán modificarse, tralos trámites e obras que compran.

### **DISPOSICIÓNS FINÁIS**

#### **PRIMEIRA.**

A presente Ordenanza poderá ser desenvolvida por Ordenanzas particulares referidas a determinados aspectos técnicos ou zonas determinadas do Municipio, así como ó tamaño dos locais.

#### **SEGUNDA.**

Esta Ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada en Monforte de Lemos, o día 18 de novembro do 2000, non presentándose ningunha alegación no prazo de exposición pública, comezará a rexer ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación, derogando, o mesmo tempo, as disposicións municipais anteriores sobre a mesma materia.

Monforte de Lemos, 18 de novembro de 2000

O Alcalde